

ACTA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 14/09/2017

Asistentes:

DIRECTOR: Euloxio Santos Leites
XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez, Angel suarez Ríos
SECRETARIA: Mercedes Couto García.
PROFESORADO:
Lago Dacosta, Antonio
García Giménez, Margarita
Montserrat Paz Núñez
Fernández Cortés, Mª Carmen
Seara Escudero, Santos
X. Carlos Alonso
Margarita Garcís Giménez
PAS:
PAIS/NAIS:
Costas Pérez, Ana
Marta Dotras
ALUMNOS/AS:
Bautista Alonso, Marta
Goldenberg Mazino, Benjamín

Sendo ás 18,30 horas do día 14 de setembro de 2017, reúnese o Consello Escolar do IES Politécnico de Vigo, para tratar a seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.
2. Aprobación, se proceder, da modificación das NOF
3. Calendario escolar.
4. Informacións de matrícula.
5. Aprobación, se proceder, da participación na semana STEM
6. Aprobación, se proceder da creación dos clubs de lectura e solicitude de axuda según a convocatoria do 1 de setembro da D.X. de Centros.
7. Aprobación, se proceder da participación do centro no programa "Club de ciencia" durante o curso 2017/18
8. Informacións inicio de curso.
9. Aprobación actividades curso 2017/18.
10. Rogos e preguntas.

No primeiro punto da orde do día dase lectura a acta do día 27 de xuño e non habendo observacións a mesma, apróbase por unanimidade.

No segundo punto da orde do día o director explica que como consecuencia da entrada en vigor da LOMCE, e dos requerimentos de inspección fíxose necesario modificar as NOF do centro. Previamente o claustro enviáronse por correo e fixéronse algunhas aportacións que xa aparecen recollidas. A continuación sométese a votación, o proxecto, aprobándose por unanimidade

No 3º punto da orde do día, preséntase o calendario do curso, cuxo borrador foi enviado por correo electrónico xunto coa convocatoria. Basicamente contempla o seguinte:

- A FPB empeza o día 18. Ciclos empezan o día 18 e a ESO e Bacharelato o día 15.
- As vacacións de Nadal arrancan o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro.
- As de Semana Santa van do 23 de marzo ata o 3 de abril.
- As de Entroido os días 12,13 e 14 de febreiro
- O día do ensino este curso é o 7 de decembro.

Este curso temos que elixir dous días, debido a que os festivos locais coinciden en días non lectivos, as posibilidades poden ser: 13 de outubro, 30 de abril ou 18 de maio

En reunión de directores acordouse solicitar o 13 de outubro e 30 de abril. Sometido a votación, apróbase por unanimidade.

No 4º punto da orde do día o director informa da situación da matrícula nos diversos cursos:

ESO: 5 vacantes en 1º, 5 vacantes en 2º, 0 en terceiro e 14 en 4º da ESO

BACHARELATO ARTES: Sólo hai vacantes no grupo vespertino

BACHARELATO CENCIAS: Hai 7 vacantes nun grupo e 11 no outro.

CICLOS: A matrícula está casi completa en todos excepto en edificación donde se suprimiron dous primeiros cursos de CS de obra civil e de organización de proxectos por falta de matrícula. Ademais abriuse unha novo ciclo de Automatización e robótica industrial no CIPF de Coia en modalidade de adultos.

No 5º punto da orde do día, o Director informa que con data 12 de xullo publicouse unha resolución da D.X de Educación pola que se convoca aos centros á participación no programa “Semana STEM” durante o curso 2017/18, dirixida ao alumnado de 1º e 2º da ESO. O depto de tecnoloxia considera de interese esta actividade. Para poder acollernos a este programa da Consellería, requírese acordo do Consello escolar. Feita unha explicación do proxecto, acórdase por unanimidade aprobar o proxecto para participar na citada convocatoria

No 6º punto da orde do día o Director explica que con data 1 de setembro a D.X. de Centros e recursos humanos publicou a orde para poder acollerse o fomento dos clubs de lectura. Para poder acollerse a esta convocatoria requírese elaborar un proxecto e tomar acordo do claustro e do consello escolar. Este proxecto foi elaborado pola profesora Carme Adán. Sométese a votación e acórdase por unanimidade aprobar o proxecto para participar na citada convocatoria

No 7º punto da orde do día, o director informa que con data 13 de xuño publicouse unha resolución da D.X de Educación pola que se convoca aos centros á participación no programa “Club de ciencia” durante o curso 2017/18. O depto de tecnoloxia considera de interese esta actividade. Para poder acollernos a este programa da Consellería, requírese acordo do Claustro e do Consello escolar. Feita unha explicación do proxecto, acórdase por unanimidade aprobar o proxecto para participar na citada convocatoria

No 8º punto da orde do día infórmase das seguintes novidades:

- Creouse un novo grupo do CS ARI en réxime modular no CIFP de Coia. Suprimíronse os cursos 1º de ordinario dos ciclos superiores de Proxectos de Obra Civil e Organización de proxectos de construción.
- OBRAS feitas durante o verán: Remodelación do patio, pintados en aulas e pasillos, Correxíronse as deficiencias en materia de seguridade.

No 9º punto da orde do día preséntase a proposta de actividades extraescolares e complementarias elaboradas por Vicedirección coa proposta dos distintos departamentos para a súa inclusión na PXA. Sometida a votación, apróbase por unanimidade.

En rogos e preguntas non se producen intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizado o Consello escolar sendo ás 19,30 horas, levantándose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

Asdo. A Secretaria
Mercedes Couto García

Vº Bº O Director
Euloxio Santos Leites